

## **O PROFESORADO MERECE RESPECTO**

### **MANIFESTO POLA NEGOCIACIÓN DE MELLORAS REAIS PARA O PROFESORADO GALEGO E O ENSINO PÚBLICO**

O día 11 de outubro, logo dunha negociación acelerada na que non se respectou a vontade maioritaria do profesorado ao se pactar cunha minoría sindical, a Xunta oficializou coa sinatura do presidente Rueda un acordo denominado de melloras das condicións laborais do profesorado e que foi cualificado polos máximos responsábeis da Xunta como histórico.

Ese acordo só se pode entender por dous factores: o desmedido interese da Xunta por pechar en falso unhas negociacións que o profesorado galego viña demandando desde hai anos e que xa nos levaran á convocatoria dunha folga unitaria en decembro de 2019 e a complicidade de tres sindicatos que son minoría na mesa de negociación (CCOO, ANPE e UGT); todo un indicativo da falta dun mínimo de respecto da administración educativa galega pola negociación colectiva.

Se hai algo de histórico neste acordo é a renuncia por quen o asinou a manter a palabra dada e a respectar o mandato das urnas sindicais; tamén é histórica a oportunidade que se quere dar por perdida para conseguir o obxectivo do profesorado por recuperar o horario lectivo previo aos maiores recortes executados por unha administración educativa en todo o Estado.

O acordo que buscamos superar tamén é histórico no que á ruptura e división da unidade do profesorado se refire. É a primeira vez desde 1990 que se produce unha suba salarial segregando o profesorado e sen que se faga con carácter lineal, incorporandounha serie de diferenzas que chaman a desunir o profesorado, tanto no tema dos horarios lectivos como no das reducións das ratios.

O documento asinado é un cúmulo de renuncias e de melloras “low-cost” porque nas medidas que se contemplan non hai ningún esforzo orzamentario para a Xunta. A baixada das ratios, nas ensinanzas onde se dá, está directamente vinculada á caída demográfica; a redución de horas lectivas en infantil e primaria non ten practicamente efectos no aumento de docentes e non hai ningunha medida efectiva para reducir a burocracia.

Hai moitas cuestións que causan un profundo malestar na inmensa maioría do profesorado:

- Por que se limita a redución horaria a 23 horas en infantil e primaria se están en vigor os catálogos de postos de traballo pactados no ano 2007 e que permiten que se impartan 21 horas lectivas?
- Por que se permite que o profesorado de secundaria, FP, idiomas e réxime especial se manteña como o que peores condicións de horario lectivo ten en todo o Estado?
- Por que non se aplica a redución das ratios en todas as ensinanzas desde o curso 2024/25?
- Por que non se aceptou incorporar, xunto coa discapacidade ou a dependencia, diferentes tipoloxías de necesidades educativas que non teñen ese recoñecemento oficial para reducir as ratios e así atender mellor a diversidade do noso alumnado?
- Por que se aceptou diferir a negociación dun calendario de redución das ratios na ESO e no Bacharelato até dentro de 4 anos, sen fixar nin tan sequera cando se aplicará?
- Por que non se atende o problema das ratios na FP, tanto na Básica, que precisa unhas ratios moi reducidas, como na modalidade ordinaria ou a distancia?
- Por que en ningún momento se quixo falar de redución de ratios en ensinanzas de réxime especial?
- Por que se incorporou no acordo unha cláusula que vai permitir que cando un centro non teña espazo físico para cumprir a redución de ratios poida manter as ratios actuais?
- Por que non se introduce ningunha medida concreta para reducir a burocracia e só se fala, xa por terceira vez en nove meses, de crear un grupo de traballo para simplificar tarefas?
- Por que se optou por facer unha suba salarial xeral miserábel e insultante de 5€ no 2024 e outros 5€ no 2025? Cabe maior desprezo ao profesorado?
- Por que se optou por subir complementos como os sexenios ou por cargos directivos, inspección e persoal asesor en vez de recoñecer a xestión das direccións e outros cargos de coordinación didáctica cun aumento da liberación horaria para afrontar eses traballos burocráticos?
- Por que non se optou por un reparto lineal que beneficiaría á inmensa maioría do profesorado?
- Por que non se recupera o pago dos meses de verán ao profesorado substituto que traballa cinco meses e medio ao longo do curso, un dereito recortado pola Xunta desde 2012?
- Por que se vende como algo positivo duplicar a partida de gastos por formación cando só se gasta o 20% deses fondos e non se derivan os remanentes a aumentar as licenzas por estudos?

Todas as respostas a estas preguntas están vinculadas co diñeiro que a Xunta non estaba disposta a poñer enriba da mesa para mellorar de certo as condicións de traballo do profesorado e a calidade do ensino público.

Todas as respostas a estas preguntas están relacionadas co nulo interese da Consellaría por recoñecer o traballo inxente do profesorado e a súa dignificación profesional.

Todas as respostas a estas preguntas derivan dunha actuación sindical de quen pactaron este acordo que implica deixar tirado o profesorado e renunciar a facer da loita unitaria o mecanismo para forzar á Consellaría a ceder e pactar un acordo con melloras que merezan tal nome.

Quen hoxe aquí estamos, profesorado consciente e que non está disposto a venderse nin renderse, sabemos que só nos deixaron un camiño e ese camiño queremos percorrelo coa unidade do profesorado xa que a sindical é imposíbel.

Non estamos a facer unha proposta de máximos senón de mínimos imprescindíbeis. Non queremos renuncias. Queremos respostas e negociación real.

Fixamos un marco mínimo para que o acordo de renuncias poida ser un acordo de melloras reais e que poden, sen ningún xénero de dúbidas, ser asumidas nos prazos propostos por un goberno que realmente estivese por dignificar a función docente e recoñecer os dereitos que nos arrebataron.

Reclamamos:

- A recuperación dos horarios lectivos de 18 horas en secundaria, FP e demais ensinanzas e de 21 horas en infantil e primaria nun máximo de 2 cursos.
- A redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.
- Aplicación de medidas inmediatas (xa no curso 2024/25) para a redución da burocracia co aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e titoría e co aumento de persoal administrativo.
- Reparto lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.

**O profesorado merece respecto.**

**Como docentes móvenos a defensa do ensino público e a mellora das nosas condicións laborais.**

**Non imos calar nin consentir que nos desunan e nos desprecen.**

**NON AO ACORDO DAS RENUNCIAS**

**O profesorado galego non se rende.**

**O profesorado galego non se vende.**

**14 de novembro de 2023**